

Hai anos, Antonio Machado, proído polo destino de España, escribía, desde a beira do Douro, duras palabras que mostraban unha sentida crítica, cualificando de miserable a quen sendo nun tempo terra dominante, despois trocárase en farrapenta e rexeitadora de canto ignoraba.

A afirmación dramática, o desprezo ao ignorado, podería acaerlle a Galicia, máis aínda, á Galicia interior, onde está inxerido o Couto Mixto. A nosa terra común, a nosa terra galega, foi historicamente aldraxada, aínda que agora se admire polas súas excelencias sensitivas ou polas belezas naturais que mostra. Mais o certo foi, e aínda quedan refugallos daquelo, que galego e Galicia, aplicábanse no senso pexorativo, a xente ruda e a unha xeografía para eles marxinal, descoñecendo os valores propios do ser do país.

Por iso tivemos a necesidade de berrarlle ao mundo que Galicia, que a Galicia interior, e tamén o Couto Mixto existen, e non se poden desprezar por ignorancia; a nosa terra hai que coñecela, e despois respectala como a nai que nos agarimou pese ás súas miserias, pese á súa orfandade dos poderosos, pese a sentirse maltratada.

Rosalía de Castro escribía aquilo de: *“...tratade ben aos galegos, cando van, van como rosas, cando veñen coma negros”*.

Esa realidade debería estar superada de todo. O galego ten sen dúbida un lugar no mundo e un lugar na Historia, mais non é homoxéneo o seu tratamento.

Hai lugares, coma o Couto Mixto, hai aldeas e pobos da Galicia interior, que non poden ofrecer o sustento ás novas xeracións de galegos. O pan, o alimento, apenas se atopa aquí coma sempre se atopou, polos vieiros do traballo. Se non hai traballo non hai futuro, e... ¿qué lles podemos ofrecer aos poucos nenos que abren os ollos por vez primeira nas nosas coitadas e esmorecentes aldeas? Curros escribía uns terribles versos, que eu non comparto, no poema “Emigrantes”: ¡Non é dina d’os osos de seus fillos Patria que os non mantén!

Ese sentimento de abandono, de mágoa, tamén se da aquí, neste Val do Salas, entre estas serras que tanto saben de sufrimentos e supervivencia.

Por afecto, por compromiso vital, a Asociación de Amigos do Couto Mixto conseguiu, desde hai uns anos, que xermolase milagrosamente a memoria histórica, o bo nome deste recuncho do mundo, e que hoxe se atope nos libros, nos xornais, na internet e mesmo xa na Historia. Mais o que non é tarefa nosa, o que non podemos facer, e que lles corresponde a outras instancias, é crear as condicións que permitan á

xuventude non ter que rachar coas súas raiceiras, non verse obrigados a emigrar e abandonar aos seus vellos.

Os galegos temos que reaccionar e non só laiarnos. Ao interior rural, representado polo Couto Mixto, hai que dicirlle: non te rendas a un futuro incerto. O importante son as persoas, os que te coñecen de verdade, os que te queren. E aí é onde todos nos temos que empurrar.

A quen hoxe distinguimos nomeándooos Xuíces Honorarios, lles agradecemos o seu contributo, e pedimos que sigan na loita de insuflar esperanza a estas terras esquecidas, nas que dicía Otero Pedrayo que nacera San Rosendo. Este val do Salas, terra do seu pai Gutierre, foi o que deu a benvida ao mundo a aquel persoeiro do século X, fundamental na historia de Galicia.

Aos veciños pregámoslles que non decaian na autoestima pola súa orixe e aos presentes que sigan apoiando unha nobre causa.

A quen non escoite, lembrámoslle que van ser xulgados pola Historia si deixan morrer unha Galicia na que o Creador puxo os seus ollos, mudando un lugar de fartura por un lugar de pobreza.

Así falamos; así falamos por compromiso, así falamos por ser galegos, ...e así falamos porque o Couto Mixto é o paradigma da Galicia que amamos.

A Coruña, 17 de Xullo de 2010

*Luis Manuel García Maña*